

**PROTOCOLO FUNCIONAMIENTO**

**COMEDOR ESCOLAR**

**CPI DE ZAS**

**CURSO 2022-2023**

PRELIMINAR:

De conformidade co previsto no artigo 8 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares en centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, aos equipos directivos de cada centro correspóndelles elaborar un protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo consello escolar.

A continuación queda polo tanto reflectido cal será este protocolo no Centro Público Integrado de Zas.

## **1- Funcións e tarefas relacionadas co comedor escolar**

### **1.1. Director/a do centro**

A función de dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, en relación co artigo 11.2 da Orde do 12 de marzo de 2013.

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión de servizo do comedor, o protocolo de funcionamento do comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
- Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
- Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
- Facer as contratacións de subministración, se for o caso, de acordo coa lexislación vixente.
- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Presidir, se for o caso, a comisión do servizo de comedor escolar.

- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

### **1.2. Encargado/a do comedor**

**A persoa encargada do comedor desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013 en relación co artigo 10.2 da Orde do 21 de febreiro de 2007, requiríndose para o efecto a súa presenza no comedor escolar.**

- Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social na contorna do servizo do comedor escolar.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarias para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e o control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar, á que se fai referencia no artigo 13.4º desta orde.

### **1.3. Colaboradores**

**As persoas que colaboren no comedor desempeñarán as funcións que sinala o artigo 9 do Decreto 132/2013, en relación co artigo 8.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007.**

“- O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe do comedor.
- Axudar ós alumnos e ás alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar ó equipo directivo do centro, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois de xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.
- En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentárase a colaboración do alumnado a partir de 5º de primaria, sen que iso supoña, a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.

#### **1.4. Persoal laboral do servizo de comedor escolar**

**“Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordadas coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:**

- Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
- Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- Informar ó encargado do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo.
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguraza e hixiene e de riscos laborais.

- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

### **1.5. Demais membros da comunidade educativa**

Calquera membro da comunidade educativa que careza de relación funcional ou laboral coa consellería e se preste voluntariamente para actuar como colaborador/a no comedor, antes de asumir tal cometido deberá asinar a declaración "Anexo III" da instrucción, na que consta o carácter altruista e a título de colaboración social desinteresada da súa prestación.

Tales funcións só poderán desempeñalas nais, pais, titores legais ou acolledores familiares de alumnos/as que estean cursando actualmente estudos no C.P.I. de Zas. Ademais, non poderán asumir tales cometidos durante dous cursos escolares consecutivos, ou as persoas que o realizasen durante un mínimo de 36 días no curso escolar 2014-2015. Para casos excepcionais deberase pedir autorización expresa da Xefatura Territorial.

## **2. Procedemento de selección**

A partir do 23 de xuño de 2022 exporase o anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar como colaboradores/as voluntarios/as nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2022-2023.

Rematado o prazo, a dirección do centro, tras informe do consello escolar, determinará as persoas que durante o curso 2022-2023 van colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e apoio dos alumnos/as comensais, elixindo aquelas idóneas.

O consello escolar do C.P.I. de Zas dará prioridade a aquelas persoas que se atopen sen traballo retribuído, ou en situación socio-económica desfavorable establecido nun informe dos servizos sociais do Concello de Zas, sempre que non foran colaboradoras no curso anterior.

## **3. Servizo de comedor escolar**

A selección e admisión de usuarios do servizo de comedor correspóndelle ao consello escolar do centro de acordo co procedemento que se determine na normativa de desenvolvemento 132/2013.

Os alumnos/as que empregan o servizo de comedor son todos aqueles que non teñen transporte ao mediodía: E. Infantil e E. Primaria, de luns a venres, e alumnado de ESO os luns, ou que precisan quedar a comer no centro por motivos de organización familiar, inda que non vivan lonxe do C.P.I. de Zas.

De luns a venres o comedor funciona en dobre quenda:

<b>12:55-14:25 horas</b>	xantan os alumnos de E. Infantil e E. Primaria
<b>14:55-15:55horas</b>	xantan os alumnos de E. Secundaria

### **3.1. O servizo**

- Habará o número de persoas colaboradoras suficientes tal e como recolle a Orde do 21 de febreiro de 2007, seguindo o seguinte baremo:

#### **-Educación secundaria obrigatoria.**

Nº alumnado: de 36 a 70.                      Persoal de atención: 2 persoas

#### **-Educación primaria.**

Nº alumnado: de 31 a 60.                      Persoal de atención: 2 persoas.

#### **-Educación infantil.**

Nº alumnado: de 16 a 30                      Persoal de atención: 2 persoas.

- Os alumnos/as deberán entender que as persoas colaboradoras do comedor escolar son as responsables durante ese tempo, de tal maneira que respectarán e obedecerán as súas indicacións.
- As funcións do persoal relacionado co comedor (laboral, colaborador, encargado, director) aparecen recollidas nos art. 8, 9, 10 e 11 da devandita Orde do 21 de febreiro de 2007, tal como se refire ao comezo deste documento.

- Desde o servizo de comedor todos os meses se proporcionarán ás familias os menús mensuais, tendo en conta que poderían haber algunhas modificacións en función das circunstancias.
- As dietas especiais deberán ser xustificadas documentalmente con informe médico por parte dos pais diante do Consello escolar.
- Abonarse o importe mensual do servizo de comedor antes do día 5 de cada mes, excepto que coincida cun período de vacacións.
- Farase o ingreso indicado nos impresos de pago xerados pola aplicación de comedores en calquera entidade colaboradora, entregando a copia xustificativa correspondente no Centro.
- O non pagamento do servizo será sancionado coa expulsión del.
- As contías serán actualizadas ao inicio de cada curso en función das instrucións da Consellería de Educación.

**A lexislación aplicada é a seguinte:**

**Orde do 21 de febreiro de 2007.**

**Decreto 132/2013, do 1 de agosto. DOG do 13 de agosto 2013.**

**Instrución 2/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2022-2023.**

#### **4. Normas básicas de funcionamento e comportamento no comedor**

O coidado e o respecto pola saúde é un dos valores fundamentais e prioritarios que se ten que marcar o noso Centro.

O momento do comedor proporciona un horario moi aproveitable para crear hábitos e para traballar outros valores, ademais de contribuír á organización da vida familiar, que ofrece o centro e, como tal, debe marcarse uns obxectivos:

- 1.- Promover e desenvolver hábitos alimentarios saudables.
- 2.- Garantir unha dieta que favoreza a saúde.
- 3.- Promover hábitos hixiénicos saudables.
- 4.- Desenvolver o compañeirismo, o respecto e a tolerancia.
- 5.- Conseguir un entorno físico e social saudable.

Por todo isto é necesario fixar unhas actitudes e normas ante a propia persoa e en relación coas demais:



## PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR. C.P.I. DE ZAS. CURSO 2022-2023

- Os alumnos de 3º ciclo de E. Primaria e de ESO colaborarán en poñer as mesas nas quendas que se lles indiquen.
- Cando toque o timbre, todos os alumnos baixarán en orde e silencio ata o vestíbulo de entrada. Nese momento deberán aproveitar para ir aos baños para facer as súas necesidades e lavar as mans.
- Os alumnos situaranse en filas por clases e irán entrando ao comedor de menor a maior idade, seguindo as indicacións do persoal colaborador.
- Cada alumno/a ocupará durante todo o curso o sitio que lle sexa asignado o primeiro día polo encargado/a de comedor.
- O persoal colaborador será o encargado de pasar cos carros e irá deixando as fontes de comida en cada mesa. Os alumnos non se levantarán para buscalas ata a cociña agás indicación contraria por parte do persoal colaborador.
- En cada mesa haberá dous alumnos servidores que repartirán a comida entre os compañeiros. Os alumnos do 3º ciclo de E. Primaria poderán axudar nesta tarefa aos máis pequenos.
- Os desperdicios serán depositados en contedores diferentes para orgánicos, papeis e plásticos.
- Cada alumno debe traer un cepillo e pasta dentífrica para lavarse os dentes tras finalizar o xantar. Estes irán lavar os dentes por grupos tras indicación do persoal colaborador.

### 4.1. Dentro do comedor os alumnos deberán ter un comportamento axeitado:

- a. Non está permitido levantarse sen permiso.
- b. Durante o tempo do xantar o alumnado non deberá levantarse ao baño, a non ser por causa de indisposición urxente ou enfermidade crónica e sempre co permiso e a vixilancia dalgunha persoa colaboradora.
- c. Non se debe elevar o volume de voz.
- d. Non se deben realizar actos que atenten contra os mínimos decoros ao xantar: sentarse incorrectamente, cuspir a comida, botarlle aos compañeiros, etc.
- e. Respetarán o material dos compañeiros/as así como o mobiliario e menaxe do comedor.
- f. Non deberán desperdiciar nin facer mal uso da comida que se lles serva.
- g. Deberán comer de todo, tanto primeiro como segundo prato, así como a sobremesa, adecuando a cantidade a súa idade. Se un prato non gusta moito, servirase menos cantidade.
- h. Cando un comensal se negue **a probar** o primeiro prato, non se lle servirá o resto da comida. **Esta norma só se aplicará ao alumnado a partir do 3º ciclo de E. Primaria.**
- i. Non está permitido usar os teléfonos móbiles. As persoas colaboradoras requisarán os teléfonos a quen estea a facer uso deles.

## PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR. C.P.I. DE ZAS. CURSO 2022-2023

- j. Calquera tipo de comportamento asocial (accións antihixiénicas, menosprezo, desobediencia, insulto, agresión física) contra os compañeiros ou contra o persoal laboral e colaborador será considerado unha falta grave.
- k. Todo tipo de comportamento impropio será denunciado por parte do persoal colaborador que haxa no Comedor, e haberá unha notificación escrita ou oral para a casa da sanción que se decida aplicar por parte da dirección reunida co/a encargado/a de comedor.
- l. As sancións, aprobadas polo Consello Escolar o 21 de setembro de 2021, quedan establecidas mediante o seguinte baremo:

TIPO DE FALTA	CASTIGO	
Comportamento inadecuado ao xantar	1ª vez	1 día sen saír ao patio.
	2ª vez	5 días lectivos sen saír ao patio.
	3ª vez	10 días lectivos sen saír ao patio.
	4ª vez e seguintes	Expulsión de 2 días lectivos do centro escolar.
Menosprezo, desobediencia e insulto	1ª vez	5 días lectivos sen saír ao patio.
	2ª vez	10 días lectivos sen saír ao patio.
	3ª vez e seguintes	Expulsión de 2 días lectivos do centro escolar.
Agresión física	1ª vez	Expulsión entre 2 e 10 días lectivos do centro escolar.  Posibilidade de apertura de expediente disciplinario.
	2ª vez e seguintes	Expulsión de entre 5 días e 1 mes do centro escolar.  Apertura de expediente disciplinario.

### 4.2. No lecer:

- As mesmas normas de comportamento deberán observarse unha vez abandonado o comedor e mentres dure o tempo de lecer.
- Unha vez rematado o xantar e lavados os dentes, os alumnos sairán aos patios ou poderán quedar na biblioteca ou na ludoteca. Sempre baixo a vixilancia e supervisión do cumprimento das normas de cada estancia por parte do persoal colaborador.

## PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR. C.P.I. DE ZAS. CURSO 2022-2023

- Os alumnos so acudirán aos baños situados na planta baixa ou no ximnasio.
- Os alumnos e alumnas de E. Infantil permanecerán no seu patio vixiados por un/unha coidador/a. Nos días de chuvia terán preferencia sobre os outros alumnos do centro e quedarán dentro do ximnasio.
- Prohíbese a práctica de xogos perigosos, isto é, aqueles que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.
- Na relación entre compañeiros e compañeiras evítaranse os insultos, agresións, ou coaccións, especialmente cos máis pequenos.
- No patio non se tirarán papeis, cáscaras ou restos de calquera outra cousa.
- Para xogar ao fútbol empregaranse preferentemente os campos de terra. En ningún caso se poderá xogar ao fútbol no patio cuberto.
- Está prohibido subirse ás diversas porterías que hai no patio.
- Os alumnos NON PODERÁN SAIR DO CENTRO sen autorización ESCRITA dos seus pais ou titores, que deberá ser entregada ao persoal encargado do servizo.
- Os alumnos de E. Infantil e E. Primaria deberán ser puntuais ao seu regreso ás clases e o persoal colaborador velar para que se cumpra esa puntualidade.

En Zas, a 15 de setembro de 2022.

A Presidenta do Consello Escolar

A Secretaria do Consello Escolar